



LINGUA GALEGA E LITERATURA  
CURSO 2021 - 2022

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO  
DE LINGUA GALEGA E  
LITERATURA**

**CURSO 2021 / 2022**



## DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. CURSO 2021/2022

A disposición transitoria cuarta da Orde do 25 de xaneiro de 2022 (publicada no DOG en data 11/2/2022), pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que se ha de adaptar a concreción curricular para a adecuar as mudanzas normativas na avaliación, na promoción e na titulación.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, se for o caso, os criterios de titulación que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.

Atendendo á modificación da normativa o departamento acorda:

- Manter os criterios xerais para a avaliación e, se for o caso, a promoción e a titulación.
- Adoptar novos plans de reforzo e ampliación ou de recuperación personalizados para o alumnado no período comprendido entre o remate da 3ª avaliación (3 de xuño) e a avaliación ordinaria (23 de xuño).

Estes novos plans consisten en:

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, traballaremos do seguinte xeito:

**O alumnado que ten aprobada toda a materia** realizará unha serie de actividades de ampliación que poden ter un carácter máis lúdico ou que impliquen unha elaboración menos factible de poder ser levada a termo no transcurso das diferentes avaliacións.

Por exemplo, elaborarán xogos lingüísticos a partir dos contidos traballados durante o curso, crearán contidos audiovisuais, lectura e declamación de textos de distintos xéneros, redacción de textos, tarefas de repaso gramatical etc...

Estas actividades realizadas serán avaliadas e poderán repercutir nun incremento **de ata un punto** sobre a media ponderada das tres avaliacións.

Se o profesorado o considerase oportuno, poderanse incluír probas obxectivas.

**O alumnado que ten a materia pendente (ou parte dela)** realizará diferentes actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos non superados ao longo do curso. Estas probas serán avaliadas e cualificadas cos instrumentos de avaliación previstos na programación didáctica vixente. Se o profesorado o considera adecuado e, segundo os casos, realizarase unha proba final entre os días **20 e 22 de xuño**.



Por exemplo, ademais da realización de tarefas de repaso gramatical, proporáselles a lectura dalgunha obra de interese con actividades de comprensión, a elaboración de traballos de investigación, que realicen exposicións orais na aula ou mesmo probas obxectivas de carácter práctico.

Todas estas actividades estarán dirixidas polo docente para que o alumnado logre os mellores resultados e acade os obxectivos mínimos para a promoción ou a titulación.

## ALUMNADO DE ESO COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

O alumnado de ESO coa materia pendente do curso anterior que non a superase nas datas previstas de pendentes do mes de maio, terá a oportunidade de realizar un exame de toda a materia. O dito exame terá lugar na semana do 13 ao 17 de xuño.

### 1º BACHARELATO

Tanto a terceira avaliación como a avaliación final celebraranse a partir do 3 de xuño. A avaliación extraordinaria será a partir do 23 de xuño.

No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, procederemos do seguinte modo:

**O alumnado con todas as avaliacións aprobadas** realizará actividades de ampliación. Estas actividades realizadas serán avaliadas e poderán repercutir nun **incremento de ata un punto** sobre a media ponderada das tres avaliacións.

**O alumnado que teña unha ou máis avaliacións suspensas** realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos das avaliacións non superadas. Nestes días o alumnado poderá presentarse a probas obxectivas e entregar, de ser o caso, as tarefas necesarias que lles permitan recuperar as avaliacións suspensas.

### 2º BACHARELATO

**A terceira avaliación parcial e a avaliación final ordinaria** terán lugar na mesma data, a finais do mes de maio (datas pendentes da decisión da CIUG). A avaliación extraordinaria realizarase en xuño, nunha data aínda por determinar (entre os días 20 e 22 de xuño).

Ata ese momento, atenderanse as necesidades do alumnado do seguinte xeito:

**Alumnado coa materia aprobada:** ata a data de selectividade realizaremos repaso da materia impartida durante o curso para afianzar os contidos.

**Alumnado coa materia suspensa:** realizaremos actividades de reforzo e recuperación ata chegar á proba final que se levará a cabo entre os días 20 e 22 de xuño.



**ALUMNADO DE 2º de BACH COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR:**

O alumnado de 2º de Bach coa materia pendente do curso anterior que non a superase nas datas previstas de pendentes do mes de abril, terá a oportunidade de realizar un exame de toda a materia. O dito exame terá lugar entre o **20 e o 22 de xuño**, coincidindo coa convocatoria extraordinaria de 1º de Bacharelato.

Cómpre que o alumnado afectado comprobe que non existe coincidencia de datas entre a convocatoria de 1º e de 2º de Bach. De ocorrer iso, o alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado correspondente.